

1-10-2025

Memoria de actividades

Asociación de nais e pais de Alumnos do CEIP Veleiro Docampo, Castro Ribeiras de Lea



ANPA DO CEIP VELEIRO DOCAMPO



1.- PRESENTACIÓN

A Asociación de Nais e Pais do CEIP Veleiro Docampo publica a súa Memoria de actividades dando conta aos nosos socios e a tódolos pais e nais do colexio das actividades que levamos a cabo no curso 2024-2025.

Dende o noso inicio o obxectivo foi intentar dar a coñecer exhaustivamente as tarefas que tratamos de sacar adiante, coa idea de que a ANPA sexa un punto de encontro entre tódolos pais e nais dos alumnos do colexio.

Tamén entendemos que e moi positivo que as familias fagamos cousas en común e nos impliquemos na educación dos nosos fillos que e a nosa principal responsabilidade, por iso, animámosvos a que poñades en común as vosas iniciativas, suxestións e cuestións das cales intentaremos facernos partícipes, apoiarnos e dar difusión de aquelas que sexan de común interese a tódolos pais e nais.

Antes de pasar a comentarvos as tarefas levadas a cabo durante o curso pasado, debemos agradecer a colaboración do COLEXIO que nos ofrece o seu apoio total para tratar de dar cabida a todo o que lles suxerimos e intentamos levar a cabo.

E, como non, darvos as grazas a todos vos que estades dispostos a axudar e a participar nas actividades da vida escolar dos vosos fillos.

A Xunta Directiva

ANPA CEIP Veleiro Docampo

A ANPA E OS SEUS OBXECTIVOS



A ANPA e a asociación de nais e pais creada no seno do colexio, formada por aquelas familias de alumnos que voluntariamente se asocian para lograr os obxectivos previstos nos seus Estatutos, revisados e aprobados e entre os cales caben destacar:

- Asistir aos pais, nais ou titores dos alumnos en todo o relacionado coa educación dos seus fillos ou tutelados.
- Colaborar nas actividades educativas do centro escolar.
- Promover, facilitar e asistir aos pais e nais do alumado no exercicio do seu dereito de intervir no control e xestión do centro segundo determina a lexislación vixente.
- Promover e organizar, no seu caso, a relación de actividades extraescolares, complementarias, culturais, deportivas e recreativas que contribúan ao desenvolvemento da personalidade dos alumnos e de interese para as familias.

RECURSOS DA ANPA

O recurso económico principal da asociación procede da cota aportada polas familias asociadas. Esta cota é ANUAL POR FAMILIA de 20 euros, cantidade imprescindible para o mantemento das actividades e o desenvolvemento de novos proxectos e iniciativas.

A asociación destina o 100% dos seus recursos, no desenvolvemento de actividades de apoio as familias asociadas e actividades que tradicionalmente considéranse de interese xeral para tódolos alumnos.

Cantas mais familias se asocien, maiores serán as actividades que podemos ofrecer.

ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O CURSO 2024-2025

A ANPA en colaboración coa Deputación de Lugo, durante o último trimestre de 2024 levou a cabo as excursións e obradoiros do programa da Escola A Granxa.

Nos meses de outubro e novembro realizáronse as seguintes actividades do programa:

OBRADOIRO. Conservando os bosques.

SAÍDAS:



MILHULLOA, cooperativa galega que cultiva, transforma e comercializa plantas medicinais ecolóxicas dende hai máis de 20 anos. A cooperativa atópase en PALAS DE REI, e asistiron a esta excursión os nenos e nenas de 4º de primaria, o pasado día 14/10/2024

DAVEIGA – GALLETAS MARIÑEIRAS, marca galega que se dedica a elaboración das galletas mariñeiras en CHANTADA. Asistiron a esta excursión os nenos e nenas de 2º e 3º de primaria o 24/10/2024.

GANADERÍA ALEJANDRO SALVATIERRA, gandeiría extensiva con vacas, cabalos, ovellas, cabras e porcos, de raza autóctonas en A Pontenova. Foron os nenos de 5º e 6º de primaria e tivo lugar o 07/11/2024.

Obradoiro – Charla sobre CALZADO RESPETUOSO, dirixida as familias, que tivo lugar o 30 de outubro, e no cal, a Clínica de Podoloxía de Laura Fariñas, nos explicou as patoloxías máis os pasos a seguir para un calzado ideal.

SAMAÍN CONCILIA, durante o 31 de outubro, día do ensino, a ANPA ofreceu un obradoiro de conciliación para as familias, no cal os 12 nenos e nenas asistentes desfrutaron dunha mañá diferente con manualidades, pinta caras, xogos e bailes, sendo a temática do mesmo, o SAMAIN.

FESTA DO NADAL, en decembro de 2024, coincidindo co inicio das vacacións de nadal, organizamos a primeira festa de Nadal. A mesma tivo lugar no pavillón do CEIP Veleiro Docampo o 20 de decembro e entre as distintas actividades lúdicas levadas a cabo destaca a Visita do Apalpador. A festa asistiron arredor de 112 nenos e nenas.

A principios do 2025 solicitamos as seguintes subvencións oficiais:

- Subvención para a realización de actividades en materia de igualdade, programa EDUCACIÓN EN IGUALDADE. Xunta de Galicia. Foi concedida e temos que executala antes do 31/12/2025
- Subvención para a realización de actividades de conciliación familiar. PLAN CORRESPONSABLES, Xunta de Galicia. Foi concedida e temos que executala antes do 31/12/2025
- Subvención actividades culturais “I Xornadas Crianzas Saudables, Futuro Saudable”. Deputación de Lugo. Solicitada pendente de resolución.
- Subvención da ESCOLA A GRANXA. Deputación de Lugo. Concedéronos 4 saídas a levar a cabo antes do 31/12/2025



- Subvención do Concello de Castro de Rei, anualidade 2025. Concedida e xustificada.

Dende a Federación de Anpas, FAPACEL, concedéronnos durante o curso pasado dúas charlas que se desenvolveron no colexio. As charlas foron:

Charla da Asociación Gillen Veiga Iglesias: educación emocional.

Charla Colexio de Enfermaría: charlas de contido afectivo sexual.

A Cruz Vermella tamén levou a cabo dúas charlas, organizadas pola Anpa, unha delas sobre as pantallas e a outra sobre primeiros auxilios.

A de primeiros auxilios foi para todo o alumnado do colexio.

Obradoiro CABANA DE VIMBIO, o 5 de marzo de 2025 organizouse o obradoiro e as familias asistentes ao mesmo, construímos no colexio unha cabana con vimbio vivo, coa axuda da experimentada cesteira LOLA TOURÓN. A cabana está no patio, para que os nenos e nenas, durante o recreo, poidan xogar con ela e desfrutala.

Mochila Viaxeira para familias. PROGRAMA DE LIBROS EDUCATIVOS PARA FAMILIAS. Durante os últimos meses do curso e o verán, a ANPA en colaboración co Servizo de Prevención de Drogodependencias concello de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade, puxemos en marcha a mochila viaxeira para familias. Tiñamos 3 mochilas con libros para diferentes idades dos nenos, dende os máis peques ata os adolescentes. Lecturas moi enriquecedoras.

Festa fin de curso, para celebrar o remate do curso escolar, fixemos unha festa, con inchables, festa da auga e merendola para tódolos nenos a cargo de Vingolea. Para esta festa, ademais da aportación das familias á mesma, destinouse a subvención do Concello de Castro de Rei.

Concerto de Pakolas, xusto o remate da festa de fin de curso tivo lugar a primeira actividade das Xornadas Crianzas Saudables, futuro saudable, o Concerto as máis MOLONAS de PAKOLAS, rock infantil e familiar, de entrada libre e gratuíta. Para esta actividade solicitouse a Subvención da Deputación, como aínda está pendente de resolución, financiouse con fondos propios da ANPA.

O PROGRAMA CORRESPONSABLES, permitiunos ofrecer as seguintes actividades:

Campamento de conciliación verán: coa contratación da empresa GALWY, as semanas do 23 ao 27 de xuño e do 1 ao 5 de setembro tivo lugar o campamento de



conciliación en horario de mañá, con opción a madrugadores, nas instalacións do colexio Veleiro Docampo.

Ocioteca: contratamos a empresa GALWY para ofrecer durante o primeiro trimestre do curso a ocioteca, un servizo de conciliación en horario de tardes, nas instalacións do colexio para que as familias poidan compaxinar a vida laboral e familiar.

A subvención concedida, so nos permite manter este servizo de OCIOTECA durante o primeiro semestre, xa que, o seu elevado custo fai imposible continuar con el sen subvención.

Programa Educación en Igualdade, subvencionado pola Consellería de Política Social e Igualdade. Este programa levase a cabo en colaboración con Pilar Porral, directora de Coeduc@. Organizándose actividades e obradoiros de igualdade a través do teatro e a radio.

Estas actividades lévanse a cabo dentro do centro e en horario escolar e son as seguintes:

Martes, 30/09/2025 teatro para 4º EP e 5º EP A

Mércores, 01/10/2025 teatro para tódolos curso de EI e 5º EP B

Xoves, 02/10/2025 teatro para 1º, 2º e 3º EP.

Mércores, 05/11/2025 radio para os nenos e nenas de 6º EP

Charla online para familias EDUCACION EN IGUALDADE PARA FAMILIAS, mércores, 01/10/2025.

Confección de carné de socios.

ACTIVIDADES E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2025-2026

Para o presente curso, renovamos o convenio de colaboración asinado o curso pasado co **Centro Deportivo D10**, co cal, os nosos socios se benefician das escolas deportivas ofrecidas polo centro e prezos rebaixados.

As actividades que poden elixir son:

Escolas: Natación, Tenis e Padel.



Actividades: Patinaxe.

Robótica, ofrecido por Aula Desafío, que se leva a cabo no colexio, na aula de informática, os mércores de 15:30 a 16:30. Actividade que ofrece unha alternativa para os nenos ás escolas deportivas.

Inglés, ofrecida Chat&Chill Kids Club, que se desenvolve no colexio, entre o pavillón, os exteriores e aulas, os xoves, en tres quendas, dunha hora de duración cada unha, dende as 15:30 ata as 18:30. Esta empresa ofrece a posibilidade de que os nenos aprendan inglés xogando, algo que nos encantou por ser didáctico e diferente para os nosos pequenos.

Xogamos ao Basket, ofrecida polo Club de Baloncesto do Lea, levase a cabo no colexio, no pavillón, os venres de 17:30 a 18:30.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN

Estamos a renovar os convenios cos comercios locais, tales como:

Convenio con PUNTADA MIÚDA, tenda de roupa e mercería de Castro Ribeiras de Lea, que ofrece descontos para os socios, empregando o carné que a ANPA facilitou as familias.

Convenio con DEPORTES A CHAIRA, tenda de roupa e calzado de deportes de Castro Ribeiras de Lea, que ofrece descontos para as familias socias, presentando o noso carné de socio.

Clínica dental García Rielo, empregando o carné de socio da ANPA ofrecen descontos.

DA ESCOLA A GRANXA. PROGRAMA 2025

A ANPA en colaboración coa Deputación de Lugo está a levar a cabo as saídas do programa da Escola A Granxa.

Concedéronnos 4 saídas e as mesmas desenvólvanse no primeiro trimestre deste curso escolar.

SAÍDAS:



TRALOAGRO, biocentro cárnico que se atopa en FRIOL. Ofrece distintas actividades e obradoiros para os asistentes, como realizar unha hamburguesa ecolóxica cociñándoa e degustación da mesma. Terá lugar o 07/10/2025 e asistirán os nenos e nenas de 6º EP.

FOGARES E APOIO AO MENOR LAR, granxa de razas autoctonas que promove a inserción laboral de rapaces e rapazas que residen na casa familiar Lar de Muimenta. Dentro da actividade promoven xogos e talleres para os asistentes, ademáis de visitar as instalacións e o museo das zocas. Asistirán a esta excursión os nenos e nenas de 3º e 4º de primaria o próximo 17/10/2025.

OS ARROXOS, explotación de ganado bovino de leite con tres robots de muxido, sita en PACIOS – CASTRO DE REI, que ofrece unha visita guiada. A mesma asistirán os nenos e nenas de 5º de primaria o próximo 10/10/2025.

MUVICLA, museo vivo e integrado do campo e da locomoción agraria, en Láncara, ofrece unha visita aos museos que teñen e a exposición de tractores históricos. Está pendente de programar e asistirán 1º e 2º de primaria.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O CURSO 2025-2026

Ademais das actividades extraescolares e obradoiros xa detallados, durante este curso, estamos a traballar para levar a cabo os seguintes eventos:

Charlas FAPACEL, temos, de momento concedidas as seguintes actividades:

- Saúde emocional e hábitos de vida saudable na escola.
- Relacionándome en igualdade.

Festa de Nadal.

Excursión a Xanceda.

Mochilas viaxeiras para familias.

Tres obradoiros do programa Troupelear con Branca Villares.

Obradoiro de entroido.

Festa de fin de Curso.



OUTRAS XESTIÓNS LEVADAS A CABO

Movemento Adolescencia libre de Móviles

Dende a ANPA Veleiro Docampo enviamos as familias socias e así o publicamos nas nosas redes sociais e páxina web a información do movemento e como facer para adherirse ao mesmo.

Adolescencia libre de móbiles son miles de familias preocupadas pola relación da nosa infancia e adolescencia cos smartphone e as redes sociais, unha tecnoloxía que pon internet ao seu alcance en calquera momento e lugar, afectando á súa sociabilidade, aprendizaxe, concentración, sono e autoestima, ademais de favorecer o acceso a contido inapropiado para a súa idade, o ciberacoso e dar lugar a condutas adictivas.

Dende a nosa ANPA propuxemos os socios, e non socios, unirse a este pacto entre familias para atrasar a entrega, ás nosas fillas e fillos, dun smartphone ata os 16 anos; tal e como promove o Movemento Adolescencia Libre de Móviles.

Para o mesmo, subimos a nosa web a información toda, xunto cunha presentación que xustifica os motivos polos que se considera tan importante que as familias nos comprometamos a atrasar o máximo posible a compra ás nosas fillas e fillos de dita ferramenta.

INSTALACIÓNS COLEXIO, trasladamos ao Alcalde do concello de Castro de Rei as nosas queixas sobre o mal estado no que se atopaba o muro exterior do colexio, e a caída de algún elemento do mesmo, o que provocou o seu arranxo.

Por outra parte, estivemos a realizar un seguimento continuo das obras de reparación do pavillón do colexio, que finalmente, parece que se van a levar en dúas fases, iniciándose a primeira este mes de outubro. Obras moi necesarias, xa que o pavillón ten goteiras entre outras deficiencias.

RELACION CO COLEXIO

A Xunta Directiva da Anpa mantense en contacto frecuente coa Dirección do colexio para abordar calquera tema que poida xurdir.

Todas as suxestións, queixas e peticións que recibimos das familias, son transmitidas ao Equipo Directivo do colexio.



RELACION COA FEDERACIÓN DE ANPA

A ANPA CEIP VELEIRO DOCAMPO forma parte de FAPACEL, Federación de ANPAS que agrupa as Asociacións de nais e pais dos Centros de Ensino Público da provincia de Lugo.

Entre as súas actividades, destacamos as charlas que nos ofrecen cada curso e o apoio ofrecido, tanto na demanda de cumprimento de ratios para os colexios rurais como na xestión do correcto funcionamento das paradas do transporte escolar.

AGRADECEMENTOS

Dende a ANPA queremos agradecer o esforzo do Equipo Directivo, o profesorado e en xeral o persoal docente e non docente ao apoio que nos prestan para levar a cabo tódalas actividades realizadas.

E como non, ao interese e a participación das familias, en todas as actividades propostas, e especialmente aqueles pais e nais que non dubidaron en axudarnos con calquera tarefa durante o desenvolvemento das mesmas.

COMPOSICION DA XUNTA DIRECTIVA

Na actualidade, a Xunta Directiva da Anpa CEIP VELEIRO DOCAMPO está composta por os seguintes pais e nais:

PRESIDENTE:	María Gómez Díaz
VICEPRESIDENTE:	Rubén Carballo López
SECRETARIA:	Sheila Goyos García
TESOUREIRO:	Raquel Loureiro Rivas
VOGAL 1:	Ana Belén Gallego Freire
VOGAL 2:	Eva Rodriguez Buide
VOGAL 3:	Raquel Barja González
VOGAL 4:	Marta Castro Vila